



Federación Galega de Xadrez  
Fotógrafo Luis Ksado 17, Of. 13  
36209 VIGO (Pontevedra)  
Telefono-Fax: 986 237 945  
Móvil: 651 996 458  
fegaxa@fegaxa.org  
www.fegaxa.org

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
ENIDA n.º	212.
FECHA	29/11/2023.

**CIRCULAR NÚM.: 08**

## **INSTRUCCIÓN CUMPLIMENTACIÓN DOCUMENTACIÓN DE AFILIACIÓN DE CLUBS, EQUIPOS e XOGADORES.**

Na presente tempada 2024, a inscrición do club, equipos e deportistas realizarase **por Internet**, a través da páxina da Federación Galega de Xadrez polo programa XEFEGA, co que tamén se xestionará a competición da liga 2024.

**Cando se federe un deportista por primeira vez será necesario rexistrar e adxuntar no XEFEGA o D.N.I.** Nos outros casos, salvo que se indique o contrario, é suficiente co proceso informático. Na pantalla inicial de xogadores do club existe unha columna titulada “¿Federar?”, marcaranse () aqueles xogadores que se queiran dar de alta para a nova tempada 2024.

**Non se admitirá o envío por WhatsApp de ningún tipo de documentación.**

Será responsabilidade do club o ter correctamente en regra a relación co seu deportista (licenza en regra firmada e demais documentos necesarios para acreditar os seus datos-copia do DNI, etc-).

Asemade, conforme á LOPD 15/1999 de 13 de Decembro, o deportista federado autoriza ó tratamento dos datos persoais incorporados na licenza á FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ para xestionar as actividades deportivas desenvolvidas pola mesma; e conforme á Ley 1/1982 de 5 de Maio, sobre a honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxen, a FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ, obtén o consentimento dos pais ou tutores legais para poder publicar imaxes que con carácter pedagóxico poderanse realizar aos menores, individualmente ou en grupo, na práctica deste deporte.



# INSTRUCCIÓN DE CUMPLIMENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DE AFILIACIÓN DE CLUBS, EQUIPOS e XOGADORES.

POR MEDIO DO XEFEGA DEBERÁN REVISARSE E, SE FOSE NECESARIO, ACTUALIZAR OS SEGUINTE DATOS:

## Xestión de Federados – CLUB

Na opción do lápiz ( ✓ ) deberán de estar todos os apartados debidamente cumprimentados:

- Datos do Club: C.I.F., Nº Rexistro na SXD, Enderezo, Codigo Postal e Localidade. Nome e DNI do Secretario (se o houbera).
- Datos para a Federación: se o club ten escola ou non para facilitar a aqueles que contacten coa Federación preguntando por escolas nos diferentes concellos.
- Datos Postales: para o envío correcto da documentación e licenzas federativas.
- Datos do Representante do Club.

## Xestión de Federados – ORZAMENTO

- A inscrición do club (85,00 €) é gratuita para os clubs de nova creación, entendendo como tal aqueles que teñan un novo CIF e nos que non máis dun 30% das licencias procedan dun mesmo club. Tódolos demais clubs deben sumar esta cantidade.
- A Cuarta División organizarase nas zonas cun número suficiente de equipos próximos. No caso de que algún equipo se inscriba en 4ª División e tal categoría non se chegue a disputar na súa zona, terá a posibilidade de inscribirse en 3ª División ou renunciar a participar.
- Para obter o gasto da afiliación para a tempada 2024, na opción de “Club” da Xestión de Federados, na opción € obterase a cantidade a ingresar na conta da Federación. Ésta aparecerá ao final do documento.

## Xestión de Federados - EQUIPOS:

- Os equipos indicarán tódolos datos que se solicitan na opción do lápiz ( ✓ ).
- O 03/01/2024 (incluído) é o prazo máximo para inscribir equipos para a tempada 2024. Para elo haberá que marcar a casilla de “Federar?”. A FEGAXA dará de baixa aqueles equipos que non teñan esa casilla marcada.
- O **16 de Xaneiro de 2024** será a data máxima para notificar a/s orde/s de forza definitiva/s. Antes desa data **non é obrigatorio** presentar orde/s de forza. Se as houbera poderá realizarse modificacións na/s mesma/s incluíndo o cambio de xogadores dun equipo a outro, incorporar a novos xogadores, etc.



- Cumplimentaranse os xogadores esixidos:

CATEGORÍA	XOGADORES MÍNIMO A ALINEAR	XOGADORES MÁXIMO A ALINEAR
DIVISIÓN DE HONRA	9	NON HAI
PRIMEIRA e SEGUNDA DIVISIÓN	6	NON HAI
TERCEIRA DIVISIÓN	6	NON HAI


### Xestión de Federados – XOGADORES

- Cubrirase, alomenos, as fichas dos xogadores que figuren nas ordes de forza dos equipos enviados. Lémbrese que non é obrigatorio alinear nos equipos da Liga todos os xogadores federados no Clube.
- As fichas que non se renoven, non se seleccionaran no programa, pero **en ningún caso eliminaranse.**
- Para as novas altas (o club fará as copias que sexan necesarias das fichas), especialmente importante é que **se o xogador tiña licencia con outro clube, indicalo á Federación para realizar o traspaso e así evitar duplicidades.**
- Tódalas novas altas deberán rexistrar e adxuntar no XEFEGA o DNI para poder tramitar a súa alta ao seguro deportivo correspondente. A Federación Galega de Xadrez non se fai responsable dos erros nos datos rexistrados polo clube.
- Tódalas fichas deberán estar cubertas en todos os campos, sendo obrigados o número de D.N.I. e data de nacemento.

O estado da inscrición (recepción na FEGAXA, tramitación, corrección ou non de cada ficha,...) poderá consultarse en [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org) accedendo coa clave do seu clube, a traves do programa de xestión federativa de Galicia (XEFEGA).

<b>PRAZOS LÍMITES DE XESTIÓN POR INTERNET (XEFEGA)</b>	
<b>NOTIFICACIÓN ALTA/BAIXA EQUIPOS :</b>	<b>03 – Xaneiro – 2024 (incluído)</b>
<b>MODIFICACIÓN ORDES DE FORZA :</b>	<b>16 – Xaneiro – 2024 (incluído)</b>
<b>INGRESOS DA LIQUIDACIÓN :</b>	<b>17 de Xaneiro ao 16 de Febreiro de 2024 (a.i.)</b>

Vigo, a 29 de Novembro de 2023.



Asdo.: Raquel Calleja Modia.

Secretaria Xeral da FEGAXA.

